



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

DESCRIPCIÓN DECRETO: APROBACIÓN CONVOCATORIA E BASES APROL RURAL 2026. EXPEDIENTE: 2026/E001/000002.

XOAN XESÚS CARRIL RAMOS, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA).

Visto outorgamento de subvención pola Xunta de Galicia de acordo coa *Orde de 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2026 (DOGA nº 24 de 5 de febreiro de 2026)*, e a memoria que consta no expediente de solicitude de subvención para a presente convocatoria de selección de persoal laboral temporal, baixo a modalidade contractual vinculada a programas de políticas activas de emprego, na que consta que a consistirá na contratación temporal de:

A) CINCO (1) peóns/as con xornada de 37,5 horas semanais, durante un período de nove (9) meses, para a realización das tarefas seguintes:

- Tarefas preventivas de incendios forestais , actuacións preventivas vías e camiños, limpeza zonas verdes , areas recreativas
- tratamentos preventivos en vías e camiños de titularidade municipal • retirada de malezas, residuos e outros obstáculos que permitan mellorar os accesos a sendeiros , e posibilitaría un entorno máis adecuado a paisaxe, o mesmo tempo que calquer outro traballo que poida enriquecer e mellorar o medioambiente e salvaguardarse de posibles incendios. • Limpeza de zonas verdes. Polo que en resumo serán funcións deste persoal:
- Tratamentos preventivos en vías e camiños de titularidade municipal
- Retirada de malezas, residuos e outros obstáculos que permitan mellorar os accesos a sendeiros e posibilitar un entorno máis adecuado á paisaxe
- Limpeza e mantemento de zonas verdes
- Calquera que enriqueza e mellore o medioambiente e salvagarde de posibles incendios.

B) UN/UNHA coordinador con xornada de 37,5 horas semanais, durante un período de nove (9) meses, para a realización das seguintes tarefas:

- Diseño e dirección de proxectos de prevención de incendios, especialmente nas faixas secundarias de xestión de biomasa (zoas próximas as vivendas).
- Coordinación e supervisión das brigadas e peóns forestais nas labores de limpeza de montes, desbroces e xestión de biomasa.
- Tarefas relacionadas coa xestión sostible dos recursos forestais,
- Dirección das cuadrillas contratadas no marco do programa rural activo.
- Xestión, conservación e planificación de espazos naturais.
- Proxectos de reforestación, hidroloxía e conservación de solos.
- Aproveitamento industrial da madeira, biomasa e produtos forestais.
- Xestión da pesca, caza e incendios forestais.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Visto que a finalidade desta subvención da Xunta de Galicia é a de levar acabo políticas activas de emprego, entre as que se atopan as medidas encamiñadas a incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, ofrecéndolles unha oportunidade para adquirir unha experiencia laboral mínima que poida permitir a súa futura inserción no mercado de traballo, canalizando a práctica laboral adquirida cara a ocupacións que faciliten unha maior estabilidade no emprego e non se está a dar cobertura a unha necesidade permanente deste Concello .

Tendo en conta a falta de regulación legal do procedemento de selección para persoal laboral temporal, e que o artigo 27 da LEPG remite aos convenios colectivos de aplicación en canto á selección do persoal laboral temporal, non se establece no convenio colectivo aplicable ao persoal laboral do concello o procedemento de selección a seguir, agás no relativo aos principios aplicables: “igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”, obsérvase neste procedemento o cumprimento destes principios, destacando no relativo ao principio de publicidade a publicación da convocatoria e das bases no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de acordo co disposto na Orde de 22 de xaneiro de 2026, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, *programa Galicia Suma Talento: Rural Activo*, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2026 (DOGA nº 24 de 5 de febreiro de 2026).

Vista a providencia da Alcaldía que inclúe as bases, de data 28 de abril de 2026, que consta no expediente.

Vistos informes de Secretaría e Intervención de data 29 de abril de 2026, que constan no expediente .

Visto o artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, sobre avocación da competencia previamente delegada.

En virtude das competencias que me outorga a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais normativa de aplicación,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Avocar a competencia da Xunta de Goberno Local para aprobar estas bases, previamente delegada mediante Decreto da Alcaldía 498/2023 de data 13.07.2023.

SEGUNDO.- Aprobar a convocatoria e as bases para a contratación laboral temporal, con vixencia de 9 meses, para realizar tarefas de protección e mantemento medioambiental, a xornada completa, de CINCO PEÓNS/AS mediante o sistema de oposición, e DUN/DUNHA COORDINADOR/A mediante o sistema de concurso de méritos, sendo o contido das bases o que segue :

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A XORNADA COMPLETA, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

DE CINCO PEÓNS/AS; E DUN/DUNHA COORDINADOR/A POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO DE MÉRITOS E TAMÉN A XORNADA COMPLETA. EN AMBOS SUPOSTOS, PARA A REALIZACIÓN DE TAREFAS DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO MEDIOAMBIENTAL, NA MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA DE INTERESE SOCIAL.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal de cinco peóns/as e dun/dunha coordinador/a para a realización de tarefas de protección e mantemento medioambiental, mediante oposición e concurso de méritos, respectivamente, tendo en conta os requisitos e criterios establecidos na Orde de 22 de xaneiro de 2026, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, *programa Galicia Suma Talento: Rural Activo*, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2026 (DOGA nº 24 de 5 de febreiro de 2026).

Esta contratación realizarase na modalidade de contrato de traballo de duración determinada de interese social.

2.- DURACIÓN.

A duración do contrato será de 9 meses a contar dende a formalización do contrato.

3.- XORNADA DE TRABALLO.

A xornada de traballo será de trinta e sete horas e media (37,5) semanais.

4.- FUNCIÓNS.

A) PEÓNS/AS

Tarefas preventivas de incendios forestais , actuacións preventivas vías e camiños, limpeza zonas verdes , areas recreativas

tratamentos preventivos en vías e camiños de titularidade municipal • retirada de malezas, residuos e outros obstáculos que permitan mellorar os accesos a sendeiros , e posibilitaría un entorno máis adecuado a paisaxe, o mesmo tempo que calquer outro traballo que poida enriquecer e mellorar o medioambiente e salvaguardarse de posibles incendios. • Limpeza de zonas verdes. Polo que en resumo serán funcións deste persoal:

- Tratamentos preventivos en vías e camiños de titularidade municipal
- Retirada de malezas, residuos e outros obstáculos que permitan mellorar os accesos a sendeiros e posibilitar un entorno máis adecuado á paisaxe
- Limpeza e mantemento de zonas verdes
- Calquera que enriqueza e mellore o medioambiente e salvagarde de posibles incendios.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

B) COORDINADOR/A:

- Diseño e dirección de proxectos de prevención de incendios, especialmente nas faixas secundarias de xestión de biomasa (zoas próximas as vivendas).
- Coordinación e supervisión das brigadas e peóns forestais nas labores de limpeza de montes, desbroces e xestión de biomasa.
- Tarefas relacionadas coa xestión sostible dos recursos forestais,
- Dirección das cuadrillas contratadas no marco do programa rural activo.
- Xestión, conservación e planificación de espazos naturais.
- Proxectos de reforestación, hidroloxía e conservación de solos.
- Aproveitamento industrial da madeira, biomasa e produtos forestais.
- Xestión da pesca, caza e incendios forestais.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo.

As retribucións:

- a) PEÓNS/ AS: para os peóns serán de 1.702,90 euros brutos ao mes, incluída a parte proporcional das pagas extras (base: 1.459,63 €/mes; prorrate de extras 243,27 €/mes).
- b) CORDINADOR/A: para o/a coordinador/a sería de 4177,73 euros brutos ao mes, incluída a parte proporcional das pagas extras (base: 3580,91 €/mes; prorrate de extras 596,82 €/mes).

6.- CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

Para participar nas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte ao disposto no artigo 52, permita o acceso ao emprego público.
- b) Ter cumprido a lo menos 16 anos de idade.
- c) Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, no caso dos peóns/as. Tratándose do coordinador/a, requírese estar en posesión do título de Enxeñeiro Técnico Forestal ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

funcións do posto. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

f) Coñecemento da lingua galega.

Asemade, serán requisitos específicos nesta convocatoria, atendendo ao disposto no artigo 14.1,2 e 3 da Orde de 22 de xaneiro de 2026, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, *programa Galicia Suma Talento: Rural Activo*, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2026, os seguintes:

g) Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

Respecto as persoas traballadoras con contrato por tempo indefinido fixo discontinuo, inscritas como demandantes de emprego en calquera oficina de emprego de Galicia, tamén poderán ser contratadas con cargo as axudas previstas na Orde citada, sempre que a súa contratación resulte posible en función da duración do contrato subvencionado e do contrato fixo discontinuo que subcribise, así como a duración do período de non actividade.

h) Non ter sido contratado por un período igual ou superior a nove (9) meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2025 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración no ámbito de colaboración coas entidades locais, agás que o fosen en Concellos rurais de menos de 10.000, 00 habitantes (tendo en conta o padrón municipal de habitantes do ano 2025).

7.- PUBLICIDADE.

O Concello de Arzúa dará publicidade á convocatoria e ás bases de selección no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello [.https://sede.concellodearzua.com/opencms/es/](https://sede.concellodearzua.com/opencms/es/)

Todos os anuncios do proceso de selección faranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica. <https://sede.concellodearzua.com/opencms/es/>

Aos efectos de dar cumprimento ao sinalado no artigo 14 da citada *Orde de 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo*, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2026, observarase o previsto para levar a cabo unha preselección dos traballadores e traballadoras interesados/as en participar neste procedemento de selección.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

O Concello presentará unha oferta de emprego, nos modelos normalizados para iso, facendo referencia aos requisitos que deben reunir os traballadores/as a contratar conforme ao establecido nas bases en tres días hábiles despois da publicación de anuncio das bases na sede electrónica municipal. (para a inscrición en inem de aqueles/as interesados/as na participación no proceso selectivo), e, en todo caso cunha antelación mínima de 15 días hábiles a data prevista para realizar a correspondente contratación.

Unha vez recibida a oferta, os servizos de emprego realizarán unha sondaxe de demandantes de emprego en función das características dela atendendo á maior adecuación ao posto de traballo ofertado, proporcionando, de ser posible, o número de candidatos/as por posto de traballo que solicite a entidade beneficiaria, que en ningún caso poderá ser inferior a dous nin superior a dez. A remisión de novos candidatos só procederá cando o concello xustifique documentalmente a súa necesidade por incumprimento dos requisitos da oferta ou por rexeitamento voluntario ou incomparecencia dos remitidos.

De conformidade co establecido no artigo 14.6 da *Orde de 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2026 (DOGA nº 24 de 5 de febreiro de 2026)*, terán preferencia as persoas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral y, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, tales como:

- a) Persoas desempregadas que participasen en talleres de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co ámbito forestal, conservación e mellora dos montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinería.
- b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos o en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.
- c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos o de explotación sexual.
- d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- e) Persoas paradas de longa duración.
- f) Persoas con discapacidade.
- g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- i) Persoas Trans
- j) As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

8.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As persoas que desexen tomar parte nesta convocatoria deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. alcalde, segundo o modelo establecido no Anexo I das presentes bases, no Rexistro do Concello, ou sede electrónica municipal, así como nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de instancias será de **3 días hábiles** a contar desde o seguinte ao da publicación de anuncio na sede electrónica municipal de apertura de prazo de presentación de instancias acordado por decreto do Alcalde tras recepción de candidatos/as propostos/as polo INEM.

No caso de presentar a solicitude nun lugar distinto ao do Rexistro do Concello as persoas aspirantes deberán remitir unha copia da instancia xa rexistrada, xunto cunha copia de toda a documentación que acheguen coa solicitude, á seguinte dirección de correo electrónico: correo@concellodearzua.com, no mesmo día da súa presentación nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e sempre que sexa dentro do prazo de presentación de instancias.

Á instancia unirase necesariamente a seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do DNI ou documento equivalente de identificación
- 2) Fotocopia do certificado de escolaridade ou equivalente no caso de peóns/as; en tanto que no caso de coordinador/a, requírese a fotocopia do título de Enxeñeiro Técnico Forestal ou equivalente.
- 3) Declaración xurada do Anexo II
- 4) Fotocopia da tarxeta xustificativa de ser demandante de emprego no Servizo Galego de Colocación.
- 5) De ser o caso, para acreditar o coñecemento do galego, no caso dos peóns/as certificado de coñecemento da lingua galega CELGA 2 ou equivalente, e, no caso do coordinador/a o CELGA-4; en ambos casos, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na ORDEN de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orden de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG nº 34, de 19 de febreiro de 2014.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

Os/as aspirantes que non podan acreditar o coñecemento do galego da forma prevista no apartado anterior deberán de acreditarlo mediante a realización dunha proba de galego que terá carácter obrigatorio e eliminatorio (sendo valorada como apto/a ou non apto/a) que terá lugar, no caso dos peóns/as antes da valoración da proba de oposición práctica, e no caso do coordinador/a antes da valoración dos méritos; en ambos casos, respecto da cal o tribunal poderá solicitar asistencia de asesoría con voz e sen voto para a preparación, realización e valoración da proba de galego.

A documentación antedita poderá presentarse en copia simple do orixinal. Non obstante conforme establece o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, o Concello de Arzúa cando considere que existe dúbidas derivadas da calidade da copia, poderá solicitar o cotexo das copias aportadas polo interesado, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal. En todo caso os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose este Concello a facultade de exercer as accións oportunas no caso de falsidade na documentación achegada.

9.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde-presidente ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, especificando o cumprimento dos requisitos esixidos nas presentes bases, publicándose anuncio no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello de Arzúa .

As persoas aspirantes disporán de 10 días hábiles dende a publicación da listaxe provisional no taboleiro de anuncios do concello para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de que non houbera ningún aspirante excluído, ou no caso de que non se presentasen reclamacións ou emendas, entenderase como lista definitiva.

Rematado o prazo de subsanación, publicarase a relación definitiva de persoas admitidas/excluídas nas probas selectivas, publicándose o correspondente anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica , así como o nomeamento das persoas que constituirán o Tribunal Cualificador, e a data de reunión da Comisión seleccionadora para a realización da proba de galego no seu caso e a proba práctica da oposición ou valoración dos méritos (deberá de anunciarse o taboleiro de anuncios do concello con 48 horas de antelación).

10.- COMISIÓN SELECCIONADORA.

A súa composición será a fixada en decreto da Alcaldía con lista definitiva de admitidos e no seu caso excluídos do proceso de selección.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

A Comisión seleccionadora estará composta por un presidente, un secretario, e tres vogais de conformidade co artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público; que deberán contar con titulación igual ou superior á esixida como requisito dos aspirantes.

A Comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a ou persoas en quen deleguen.

De todas as reunións que faga a comisión o/a secretario/a redactará acta. Todos os membros que se designen para formar parte da comisión seleccionadora actuarán con voz e voto. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a da Comisión.

Os membros da comisión absteranse de intervir e comunicarano á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

A Comisión resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como, nos casos non previstos polas mesmas.

Os membros concorrentes ás sesións da comisión e para os efectos de percepcións de asistencias clasificaranse consonte o disposto no artigo 33 do Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.

O alcalde, vista a proposta da comisión, procederá á ditar a Resolución correspondente que aprobará as contratacións.

11.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

A) PEÓNS/AS

A selección das persoas aspirantes efectuarase polo sistema de oposición cunha proba práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio, na que haberá que realizar un exercicio práctico consistente na realización dalgunha tarefa relacionada coas funcións do posto de traballo (desbroce, uso emantemento de maquinaria e ferramenta, medidas de seguridade ..). A comisión seleccionadora poderá durante a realización da proba práctica de oposición realizar preguntas relacionadas coas funcións (as mesmas para todos os /as aspirantes) para unha mellor valoración das capacidades do aspirante.

A proba terá unha valoración de 0 a 10 puntos debendo acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para entender que está superada.

Motivarase a puntuación en :

a) nivel de coñecementos amosados 5 puntos



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

b) axilidade e destreza na realización da proba 5 puntos .

O día de celebración e hora será publicado no taboleiro de anuncios do concello cando se publique a lista definitiva de admitidos. A puntuación máxima será de 10 puntos, debendo obter como mínimo unha puntuación de 5 puntos.

B) COORDINADOR:

A selección das persoas aspirantes efectuarase polo sistema de concurso de méritos, onde serán obxecto de valoración os cursos realizados e homologados polas Administración Públicas que teñan que ver coas funcións deste posto de traballo, que serán obxecto da seguinte valoración:

- Cursos hasta 20 horas, 1 punto.
- Cursos de mais de 20 ata 50 horas, 2 puntos.
- Cursos de mais de 50 ata 100 horas, 3 puntos.
- Cursos de mais de 100 horas, 4 puntos.
- Máster universitario, 10 puntos.

A puntuación máxima do concurso de méritos será de VINTE (20) puntos.

C) COMÚN PARA PEÓNS/AS E CORDINADOR/A

Unha vez rematada a cualificación dos aspirantes, o tribunal publicará no Taboleiro de Edictos da sede electrónica municipal a relación de aprobados por orde de puntuación e presentará ó Alcalde a proposta dos/as candidatos/as que obtivesen maior puntuación para o seu nomeamento sen que en ningún caso exceda do número de prazas convocadas.

12. CUALIFICACIÓN FINAL, PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

No caso dos peóns/as, a cualificación final das persoas aspirantes será a puntuación obtida na proba práctica, sempre e cando alcancen a puntuación mínima 5 puntos , publicándose o resultado por orde de maior a menor puntuación. E no caso do coordinador/a, a cualificación final das persoas aspirantes será a puntuación obtida na baremación dos méritos, publicándose o resultado por orde de maior a menor puntuación.

No caso de empate nas puntuacións totais finais de dous/dúas ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta:

- 1.º. Preferencia de persoas que non perciban ningún tipo de prestación/subsidio por desemprego, e si aínda así persistira o empate
- 2.º. Maior antigüidade en situación de desemprego.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

O Tribunal, despois da cualificación das persoas aspirantes, publicará a lista coas puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios da sede electrónica, elevando a proposta de contratación ao alcalde-presidente segundo a orde de puntuación.

A proposta de contratación non poderá incluír máis persoas que a dos postos convocados.

Así mesmo o Tribunal poderá formular proposta ao Sr. alcalde-presidente para deixar deserta a convocatoria no caso de que ningún dos aspirantes acaden a puntuación mínima.

Confecionarase unha lista de reserva coa relación das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo e non obtiveron proposta de contratación, ordenadas de maior a menor puntuación. Esta bolsa de traballo servirá para posibles renuncias, substitucións ou baixas que se produzan durante a vixencia do APROL RURAL 2026 tendo en conta a cláusula 17 da *Orde de 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026.*

As persoas aspirantes seleccionadas, previamente á súa contratación, no prazo de TRES (3) días hábiles dende a publicación da súa proposta de contratación, deberán aportar a seguinte documentación:

- Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado/a.

A non presentación da referida documentación implica a perda dos dereitos adquiridos facultando á Alcaldía-presidencia para formalizar contrato co aspirante seguinte segundo a lista de puntuación.

O/a aspirante que faga valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións a desempeñar neste posto.

Logo de formalizada a proposta do tribunal e achegada a documentación polas persoas seleccionadas, a Alcaldía ditará resolución de contratación das persoas propostas e formalizará os correspondentes contratos laborais para o comezo da prestación do servizo.

13. RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES.

A persoa aspirante proposta, desde a súa contratación, quedará sometida ao réxime de incompatibilidades que establece a lexislación vixente nesta materia, segundo a regulación



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

establecida na Lei 53/84, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

14. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Respectarase o disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal.

Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes ao mesmo, consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas, a avaliación das persoas aspirantes, así como a provisión do posto.

Igualmente, as persoas aspirantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados a efectos de dar a publicidade esixida no relativo ao procedemento de selección

Responsable do tratamento

Os datos facilitados serán tratados polo Concello de Arzúa (CIF: P1500600J), como responsable do tratamento.

Finalidade do tratamento

Os seus datos serán tratados coa finalidade de xestionar o proceso de selección de persoal no prese programa de APROL RURAL 2026, e a realización de cantas actuacións resulten necesarias para a instrución e resolución do procedemento.

Lexitimación

A base legal para o tratamento dos seus datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público e o cumprimento das obrigas legais aplicables. En particular, o concello está lexitimado para:

- A xestión do procedemento de selección, incluíndo a tramitación das solicitudes e os actos de instrución.
- A realización de publicacións con efectos de notificación de acordo coas normas do procedemento.
- A publicación de información na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios, en cumprimento da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

A obtención de documentos que xa se atopen en poder doutras administración coa finalidade de achegalos ao presente procedemento, salvo que vostede se opoña na solicitude deste servizo.

Conservación dos datos

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos e de conformidade con normativa de arquivos e documentación.

Dereitos das persoas interesadas

A persoa interesada pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, a limitación do seu tratamento, oposición, portabilidade e non ser sometida a unha decisión baseada exclusivamente no tratamento dos datos persoais mediante escrito dirixido a Concello de Arzúa (CIF: P1500600J---Teléf.: 981.500000) con sede na rúa de Santiago, 2, 15810 – Arzúa.

Así mesmo, a persoa interesada ten dereito a contactar ou reclamar diante do Delegado de Protección de Datos cuxos datos de contacto son: AUDIDAT 3.0, S.L (dpd@audidat.com)

No caso de que entenda vulnerado o seu dereito á protección de datos, a persoa interesada ten dereito a reclamar diante da Axencia Española de Protección de Datos a través da sede electrónica accesible na páxina web <https://www.aepd.es/>

Información adicional: <https://arzua.gal/politica-privacidad>

15. RÉXIME XURÍDICO.

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, Lei 3/2023 do 28 de febreiro de emprego (Disposición adicional novena) e demais lexislación vixente que sexa de aplicación. Orde de 22 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa *Galicia Suma*



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

Talento; Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (DOGA nº 24 de data 05.02.2026).

Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e forma establecidos na Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá o desenvolvemento do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

16. RECURSOS.

Contra o acto de aprobación das presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación.

Con carácter potestativo e previo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o órgano que aprobou as seguintes bases (Xunta de Goberno Local), en virtude do establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación.

Si se opta por interpoñer recurso de reposición potestativo non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses a contar dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro que o/a interesado/a considera procedente.

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE

D/Dona _____ con DNI nº _____ e domicilio a efectos de notificacións en
_____ con nº de teléfono
_____/_____ e correo electrónico
_____ declaro coñecer e



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

aceptar as bases para participar no proceso de selección para a contratación laboral temporal: (sinalar o posto cunha X)

() Mediante o sistema de oposición, **de cinco peóns/as**, para a realización das tarefas e funcións relacionadas no base 4-A).

() Mediante o sistema de concurso de méritos, **dun/dunha coordinador/a**, para a realización das tarefas e funcións relacionadas na base 4-B)

En ambos supostos, tendo en conta os requisitos e criterios establecidos no artigo 14 da Orde de 22 de de 22 xaneiro 26 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa *Galicia Suma Talento; Rural Activo*, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (DOGA nº 24 de data 05.02.2026).

Baixo xuramento/promesa declaro cumprir todos e cada un dos requisitos imprescindibles para participar neste procedemento selectivo, comprometéndome a xustificalos se resultado/a seleccionado/a ao remate do proceso de selección.

Por todo isto SOLICITO tomar parte neste proceso de selección acompañando a presente solicitude copias da seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do DNI ou documento equivalente de identificación
- 2) Fotocopia do certificado de escolaridade ou equivalente no caso dos peóns/as; e no caso do coordinador/a, fotocopia do título de Enxeñeiro Técnico Forestal ou equivalente.
- 3) Declaración xurada do Anexo II
- 4) Fotocopia da tarxeta xustificativa de ser demandante de emprego no Servizo Galego de Colocación.
- 5) De ser o caso, para acreditar o coñecemento do galego, certificado de coñecemento da lingua galega CELGA 2 ou equivalente, no caso dos peóns/as; e no caso do coordinador/a, o CELGA-4. En ambos casos, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na ORDEN de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orden de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG nº 34, de 19 de febreiro de 2014.
- 6) No caso do coordinador, os diplomas ou certificados acreditativos dos cursos ou másters realizados obxecto de baremación no concurso de méritos.

En Arzúa, a _____ de _____ de 20____

Asdo. _____

A/A ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

ANEXO II: DECLARACIÓN XURADA

D/Dona _____ con DNI nº _____ e domicilio a efectos de notificacións en _____ con nº de teléfono _____



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

_____/_____/_____ e correo electrónico

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Primeiro.– Que reúno todos e cada un dos requisitos establecidos na bases da presente convocatoria.

Segundo.– Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente.

Terceiro.– Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade, no expediente de selección de persoal laboral temporal do Concello de Arzúa, ao abeiro da Orde de 22 de 22 xaneiro 26 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa *Galicia Suma Talento; Rural Activo*, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (DOGA nº 24 de data 05.02.2026)

En Arzúa, a _____ de _____ de 20____

Asdo. _____

A/A ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

Xoán Xesús Carril Ramos.

Arzúa, asinado dixitalmente na data e hora que figura a marxe
O Alcalde

TERCEIRO.- Dispoñer a publicación das bases no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello, e remitir de acordo coas bases a correspondente oferta de emprego á Oficina Pública de Emprego.

Arzúa, asinado dixitalmente na data e hora que figura a marxe



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono: 981 50 00 00

O Alcalde - Presidente

Asdo.- XOAN XESUS CARRIL RAMOS

O Secretario

Asdo.: ALFONSO M. ALCALÁ PÉREZ